

# Clínica Dental Solidaria A Coruña

Fundación Odontología Solidaria

## Que é Odontología Solidaria

Odontología Solidaria é unha entidade non lucrativa que xorde en 1992 para traballar no campo da saúde buco-dental, co obxectivo final de mellorar a saúde oral das comunidades máis desfavorecidas, traballando tanto no ámbito nacional como internacional, en programas de saúde e desenvolvemento global sostible, a través de proxectos de saúde buco-dental. Todo isto realizando accións de prevención e educación para a saúde oral e asistencia.

*O sorriso é unha verdadeira  
forza vital, a única capaz de  
mover o incommovible.*

Orison Swett Marden



**Sede: Edificio A Milagrosa - A Coruña**  
(cedido pola Deputación da Coruña)

Máis información: [www.odsolidaria.org](http://www.odsolidaria.org)



Deputación  
DA CORUÑA



## Quen forma parte da Entidade?

Forman parte da entidade profesionais voluntarios/as da saúde buco-dentale persoas sensibilizadas co tema.

## Quen pode beneficiarse dos seus servizos?

Persoas que, por calquera causa, non poidan acceder aos servizos de odontoloxía de carácter privado, por non posuír os recursos económicos necesarios.

É necesario que estean en seguimento polos Servizos Sociais correspondentes, Centro de Atención Primaria, ONG...

Asímesmo, é requisito seren quen de asumir a responsabilidade do propio tratamento (adquisición de hábitos saudables, puntualidade nas citas...)

Non se aceptarán persoas que estean en procesos de adicción a calquera tipo de drogas.

## Tratamentos

### Non incluídos:

- Tratamentos de urxencia.
- Tratamentos incluídos na carteira de servizos da Seguridade Social.
- Tratamentos de ortodoncia.
- Próteses fixas e implantes.

### Si incluídos:

- Hixienes.
- Obturacións, endodoncias.
- Curetaxes.
- Próteses removibles: completas e/ou parciais.

## Como acceder á Clínica?

1.- O traballador/a social de referencia remitirá á persoa beneficiaria ao/ á odontólogo/a do Centro de Saúde correspondente, que lle realizará o diagnóstico, ortopantomografía e actuacións oportunas necesarias. Asímesmo, o/a médico/a de Atención Primaria realizará un informe sobre o estado de saúde e tratamentos.

2.- O/a traballador/a social de referencia remitirá a información obtida por correo electrónico, correo ordinario ou a través da páxina web (<http://www.odsolidaria.org>).

3.- A persoa beneficiaria será incorporada á listaxe de espera e chegado o momento se lle localizará a través do teléfono de contacto indicado na súa solicitude.

## Resumo da normativa

A persoa beneficiaria debe asumir un custo de 12€ por consulta e en caso de prótese o prezo oscila entre os 150 a 180€ por cada unha.

**Causas de expulsión:** falta inxustificada e sen aviso, non seguir as pautas de hixiene indicadas, comportamentos agresivos (físicos ou verbais) co persoal ou materiais.

## Póñase en contacto con nós

**Clínica Dental Solidaria A Coruña**

Avda. de Cádiz, 5

15008 A Coruña

[odgalicia@odsolidaria.org](mailto:odgalicia@odsolidaria.org)

<http://www.odsolidaria.org/>